

# GUÍA DIDÁCTICA PARA TRABALLAR O MALTRATO ENTRE O ALUMNADO

2º e 3º ciclo de primaria

Filme: **Bully Dance.**

**1ª sesión:**

**1º Explicación inicial:**

Vamos a ver un filme que dura uns 10 minutos e que trata de cousas que pasan na escola e tamén fóra da escola. A cada un doulle un papel para que cando remate o filme e sen falar nada escriba un título e en dúas ou tres liñas conte o que sucede (4-5 minutos).

**2º Ver o filme.**

**3º Escribir na folla o título e varias liñas:**

Agora, en silencio, escribide o título e 2 o3 liñas contando o que pasa no filme. Cando acabedes comentamos entre todos a película. Recollemos os papeis.

**4º Falar sobre o filme inculcando o respecto mutuo, vendo o maltrato como unha situación social e intentando que o agresor tamén sexa aceptado e non quede illado.**

(pódese facer xa na aula)


**Proposta de diálogo:**

Que nenos pensan que acaba ben o filme? Ir dando as razóns.

Que nenos pensan que acaba mal? Como debería acabar para acabar ben?

Fixámonos neste debuxo.

Así acaba o filme? Todos están contentos? Que podemos facer para solucionalo?



**Debuxamos no encerado como estarían todos contentos.**

Que os gustou máis?  
Que os gustou menos?  
Que comportamentos se ven? (Pódense ir escribindo no encerado: pegar, roubar, insultar, botar do grupo, ...)  
Intentar comprender que algúns son comportamentos de maltrato e que a cada un de nos non nos gustaría que nos sucedera. Poñerse no lugar da vítima.  
Que personaxes hai?  
Como se comportan?  
Que motivos teñen para comportarse de esa maneira?  
Como se sinten?  
Como se sente o que é empuzado, burlado, roubado,...?  
Como actúa el? ...escapa, escóndese, enfréntase,...  
Que faría el para que lle sucedan esas cousas?  
Que motivos hai para que lle sucedan esas cousas?  
Como se sente o que empuxa, rouba, pega,...?  
Que motivos pode ter?  
Como poden mellorar os seus comportamentos?  
Que fan os que están vendo o que lle ocorre ao que cae do tellado?  
En que momentos lle prestan axuda?  
Que motivos teñen para actuar de esa maneira?  
Por que non o axudan?  
Como se sinten nos diferentes momentos? Cando lle empuxan? Cando lle rouban? Cando os obriga o mestre a darlle as mans? Cando se cae do tellado?, Cando o aceptan coa perna escaiolada?  
Que podían haber feito?  
Diferenciades “chivarse” de pedir axuda a un adulto para axudar a un compañeiro?  
Quen podía ter intervido para que rematara o maltrato?  
Que lle pode pasar o que pega, insulta,... se sempre fai esas cousas?  
(Os pequenos teñen que comprender que a escola non permitira estes comportamentos)  
Que se pode facer co neno que empuxa, ameaza, pega,...?  
(É importante que cheguen a “castigos” de axudar ao agredido, poñerse no sitio do agredido, responsabilizarse do dano que fan...)  
Cando o agresor é perseguido e chega a súa casa, que sucede?  
(A agresividade ante unha resposta agresiva xenera agresividade)  
...etc.

### **Considerades certas estas afirmacións?**

O MALTRATO É UNHA CONDUCTA SOCIAL QUE SE DEBE DE TRATAR A NIVEL DE GRUPO PARA QUE SE SOLVENTE.

CULPABILIZAR AO AGRESOR E AGREDILO NON SOLUCIONA O PROBLEMA.

Podemos traballar en diferentes momentos e analizando diferentes situacións que se producen na escola.